



MEMORIA XUSTIFICATIVA DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA E A ASOCIACIÓN GALLEGA DE LUDÓPATAS EN REHABILITACIÓN (AGALURE)

O artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e da súa Presidencia, establece que o conselleiro é a autoridade superior da Consellería e como tal ostenta a representación do departamento que preside

ANTECEDENTES

A Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, no exercicio das súas competencias, está a desenvolver diferentes programas e accións encamiñadas a lograr o efectivo achegamento da Administración aos cidadáns. Entre outras actuacións colabora para solucionar situacións sociais problemáticas, ben directamente ou cooperando con institucións dedicadas a proporcionar apoio e prestar determinados servizos aos cidadáns carentes de capacidade para facer fronte ás súas necesidades persoais.

A Asociación AGALURE leva a cabo programas de axuda á persoas que padecen a enfermidade da ludopatía ofrecendo atención médica, psicoterapéutica, asesoramento xurídico e os apoios necesarios para a rehabilitación e inclusión social dos afectados.

O seu programa de actividades abarca:

- a) atención telefónica diaria
- b) consulta do equipo técnico
- c) terapias de grupo semanais
- d) informacións asociativas
- e) terapias familiares
- f) grupos de apoio terapéutico
- g) terapias con pacientes rehabilitados
- h) establecer contactos coa Administración local e autonómica
- i) divulgación nos medios de comunicación
- j) programas de divulgación en concellos, colexios e profesionais
- k) elaboración de folletos e carteis e difusión destes
- i) actos sociais para fomentar a convivencia entre os socios





FINALIDADE

Para os efectos sinalados formalizouse con esta asociación o convenio arriba sinalado o 5 de decembro de 2018 e por un período de vixencia que abrangue desde a sinatura del ata o cumprimento polas partes, dos deberes asumidos. En ningún caso excederá do 30 de decembro do 2018.

O Convenio ten por obxecto establecer as condicións polas que se rexerá a colaboración entre a Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, e a Asociación AGALURE, para apoiar financeiramente á entidade na realización dos servizos que veñen prestando. É necesario destacar a labor realizada pola devandita asociación no apoio ao colectivo de persoas afectadas pola ludopatía e ás súas familias, así como a labor de difusión e sensibilización que axuda a detectar o problema coa finalidade de realizar as actuacións preventivas necesarias e que fomente o apoio e a comprensión social para con estas persoas.

A Asociación AGALURE desenvolve a súa labor en toda a Comunidade Galega aínda con maior presenza na provincia de A Coruña

De acordo co establecido no artigo 26.2 da Lei 9/2007, do 13 de xuño de subvencións de Galicia, cómpre salientar que neste convenio non son de aplicación os principios de publicidade e concorrência pública en atención ás peculiaridades da entidade, xa que unicamente existen en Galicia dúas asociacións con esta mesma finalidade e vanse subscribir convenios idénticos coas dúas, Para contribuír ao cumprimento dos obxectivos fixados no convenio de colaboración, a Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, aboará á asociación a cantidade de mil euros (1.000 euros) que se imputarán á aplicación orzamentaria 05 25 212A 481.2 dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma par o ano 2018.

Polo exposto considerouse conveniente a sinatura dun convenio de colaboración coa Asociación AGALURE dirixido a paliar os problemas do colectivo de persoas con adicción ao xogo en Galicia e prevenir e sensibilizar á sociedade a través de campañas de información e divulgación.

Director xeral de emerxencias e interior

Santiago Villanueva Álvarez

